

COPA GALEGA DE WÁTER-POLO FEMININA E MASCULINA

Tempada 2017/18. Circular 17-41.

Establécense as seguintes competicións:

COPA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA

COPA GALEGA ABSOLUTA FEMININA

1.- Participación

1.1.- Inscrición aberta a todos os equipos pertencentes á FEGAN.

1.2.- Poderán participar ademais, clubes non inscritos na FEGAN, con limitación do número de equipos en función das posibilidades de organización. Os clubes de fora de Galicia, ademais dos gastos propios do Campionato, deberán aboar unha taxa anual de participación válida para todos os Campionatos, equivalente ao 50% da cota de Clube.

1.3.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de Wáter-polo.

1.4.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubes presenten unha relación de xogadores ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do DNI orixinal ou fotocopia compulsada do mesmo antes de cada encontro.

2.- Inscríções

2.1.- Os clubes deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumplimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubes que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos da copa galega.

3.- Fórmula de competición

3.1. En función do número de equipos inscritos, a FEGAN xunto co clube organizador decidirá se se disputa en 1 ou 2 días. O cube que solicite a sede terá que cumplir o requisito de poder dispoñer da instalación 2 días por se fose preciso.

3.2.- Presentación para os partidos: 30 minutos antes da hora fixada para o comezo dos partidos, a piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes. Os delegados de cada equipo, deberán entregar na secretaría da competición a relación de licenzas dos deportistas que van participar, e que obrará en poder de devandita Secretaría até que os Árbitros do partido dean por finalizado o mesmo e as actuacións que consideren oportunas.

No caso de que non se celebre a Copa Galega Absoluta Feminina poderán participar xogadoras, sen límite de idade, na Copa Galega Absoluta Masculina.

4.- Calendario e horarios

- 4.1.- A competición celebrarase nas datas previstas no calendario de Wáter-polo para a presente tempada.
- 4.2.- O clube organizador deberá dispoñer da piscina na xornada do sábado e domingo por se se dese o caso de precisar ambas.
- 4.3.- O sorteo celebrarase no campionato anterior, no caso de que sexa o primeiro campionato en se disputar, o sorteo celebrarase na sede da FEGAN, comunicando previamente a data e hora do mesmo.

5.- Obrigadas dos equipos

- 5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.
- 5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obligacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- Trofeos

- 6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión, e medallas aos componentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN